

## ABERTO PRAZO PARA OBTENCIÓN DAS HABILITACIÓNS PROFESIONAIS DE COIDADOR, XEROCULTOR, AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR E ASISTENTE PERSOAL NOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS DO SISTEMA PARA AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (SAAD)

O Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, acordou ampliar ata o 31 de decembro de 2022 o prazo para obter a acreditación de reunir os requisitos de Titulación ou Certificado de Profesionalidade esixidos para continuar desempeñando as correspondentes profesións.

A **Administración Autonómica pública** a Orde pola que se regulará o procedemento de obtención das **HABILITACIÓNS** para profesionais pertencentes ás distintas categorías do SAAD, establecendo dúas habilitacións unha **EXCEPCIONAL** e outra **PROVISIONAL**, co fin de garantir a estabilidade no emprego de aqueles traballadores e traballadoras que a 31 de decembro de 2017 non tivesen a cualificación requirida.

### PROCEDEMENTO DE HABILITACIÓN EXCEPCIONAL

1. Persoas que con **anterioridade ao 1 de xaneiro de 2018** cumpran os seguintes Requisitos:
  - a. Ter desempeñado **funcións nas categorías** de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar ou asistente persoal ou estar en situación asimilada ao alta, ou estar a prestar servizos como persoal voluntario ou bolseiro en empresas, entidades ou institucións que ofrezan atención sociosanitaria en centros ou servizos do SAAD na Comunidade Autónoma de Galicia, na categoría que corresponda **durante polo menos tres anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas na categoría profesional correspondente nos últimos 12 anos.**
  - b. No **suposto de non alcanzar** os requisitos anteriores de **experiencia mínima, ter traballado na categoría profesional correspondente e ter acreditada, a data de 31 de decembro de 2017, formación** relacionada coas competencias profesionais que se queren acreditar nun mínimo de **300 horas nos últimos 12 anos.**
2. Prazo **solicitudes**:
  - a. Desde o día seguinte á publicación en DOG **ata o 31 de xullo de 2022.**
3. **Documentación** necesaria par a tramitación do procedemento:
  - a. Acreditación da experiencia laboral:
    - i. Traballador con experiencia laboral por conta allea:
      1. Certificado da TX da Seguridade Social, do ISM, ou mutualidade á que estivesen afiliadas, debe constar a categoría laboral (grupo de cotización) e período de contratación (informe vida laboral).
      2. Contrato de traballo ou certificación de empresa ou empresas nestes debe constar duración dos períodos, a actividade desenvolvida e o número de horas traballadas,

HAI QUE REPARAR O DANO

# Informa-t

que acrediten os requisitos esixidos nos últimos 12 anos.

ii. Traballador autónomo ou conta propia:

1. Certificado da TX da Seguridade Social, do ISM, ou mutualidade á que estivesen afiliadas, debe constar a categoría laboral (grupo de cotización) e período de contratación (informe vida laboral).
2. Declaración responsable na que conste a descrición da actividade desenvolvida e o intervalo de tempo no que se realizou.
3. Modelos 036 ou 037 das declaracións censais de alta, modificación e baixa ou simplificada correspondente ao censo de empresarios, profesionais e retedores.

iii. Experiencia adquirida como persoal voluntario ou bolseiro:

1. Certificado da empresa onde realizou o voluntariado ou prácticas, no que conste as funcións realizadas, o período no que se realizaron, o número de anos e o total de horas nos últimos 12 anos.
2. Certificación da entidade de acción voluntaria, universidade ou centro de formación autorizado, segundo proceda, na que consten o período de tempo e a empresa ou entidade na que se realizou o voluntariado ou as prácticas.

**b. Só no caso de non acumular 3 ou máis anos de experiencia, cun mínimo de 2.000 horas traballadas, nos últimos 12 anos na categoría profesional, deberase presentar a documentación da formación relacionada.**

4. A resolución sobre a solicitude deberase ditar no prazo de 5 meses á solicitude, no caso de silencio administrativo, este entenderase estimatorio.
5. Obtida a habilitación profesional excepcional nas categorías profesionais, será expedida unha certificación individual que terá validez en todo o territorio do Estado.

## PROCEDIMENTO DE HABILITACIÓN PROVISIONAL

1. **Solicitantes e requisitos** da habilitación provisional:

- a. Ter desempeñado, con **anterioridade a 1 de xaneiro de 2018**, as **funcións** nas **categorías** de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda a domicilio ou de asistente persoal **sen alcanzar os requisitos para a habilitación excepcional**.
- b. Formular unha **declaración** responsable **comprometéndose a participar nos procesos de avaliación e acreditación da experiencia laboral**, que se realicen desde o ámbito estatal ou autonómico, ou a realizar a **formación vinculada aos correspondentes certificados de profesionalidade ou títulos de formación profesional**, para obter a acreditación na categoría profesional **antes do 1 de xaneiro de 2023**. Transcorrido este prazo sen participar nos devanditos procesos ou sen realizar a formación vinculada esixida, a **habilitación provisional deixará de ter efectos**.

HAI QUE REPARAR O DANO

2. Prazo **solicitudes**:
  - a. Desde o día seguinte á publicación en DOG ata o **31 de xullo de 2022**.
3. **Documentación** necesaria para a tramitación do procedemento:
  - a. A **mesma** que para o caso da habilitación provisional coa **excepción do punto 3.b**.
4. A resolución sobre a solicitude deberase ditar no prazo de 5 meses á solicitude, no caso de silencio administrativo, este entenderase estimatorio.
5. Obtida a habilitación profesional provisional nas categorías profesionais, será expedida unha certificación individual que terá efectos en todo o territorio do Estado e cun **período de validez que finalizará o 31 de decembro de 2022**.

## RÉXIME ESPECIAL DE ZONAS RURAIS

No **medio rural e nos municipios rurais de pequeno tamaño**, cando non dispoñan das persoas coa acreditación requirida para as categorías mencionadas anteriormente, e se acredite a non existencia de demandantes de emprego na zona con estas características, mediante certificado da Oficina de Emprego correspondente, **as persoas que non contén coa cualificación profesional esixida poderán ser contratadas, ata que os seus postos poidan ser ocupados por profesionais cualificados, ou adquiren a cualificación correspondente**.

## RÉXIME TRANSITORIO

- De conformidade co acordado no pleno do Consello territorial de servizos sociais e do Sistema par a autonomía e atención á dependencia do 19 de outubro de 2017, a partir do 31 de decembro de 2017 esíxese a acreditación profesional para poder traballar nas categorías de auxiliar de axuda a domicilio, persoal xerocultor e coidador, dentro de dito sistema. **A presentación da solicitude de habilitación excepcional ou da habilitación provisional nas citadas categorías, serviralles ás persoas interesadas para continuar traballando dentro do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, hasta que se dite a resolución que poña fin aos procedementos de habilitación.**
- De igual xeito, **poderán continuar traballando**, dentro do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, nas categorías anteditas **aquelas persoas interesadas que estean realizando os procesos de acreditación da experiencia laboral, programas de formación vinculados aos certificados de profesionalidade ou títulos de formación profesional correspondentes**, hasta a finalización destes, **sempre que a data de remate non sexa posterior ao 31 de decembro de 2022**.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190117/AnuncioG0425-080119-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190117/AnuncioG0425-080119-0001_gl.pdf)

HAI QUE REPARAR O DANO